

PRÁCTICA DE LINGUA GALEGA

[Con apéndice gramatical]

PARA ESO, BACHARELATO E PROBAS OFICIAS



© ADEC - 2021

Cristina Caramés Espada

Finalidade do libro

O libro quere chegar a ser un recurso didáctico de tipo impreso que sirva como material de apoio complementario para o **traballo autónomo do estudante** de primeiro a cuarto da ESO, de repaso en 1º e segundo de Bacharelato e apoio para as probas oficiais de Lingua galega¹.

O texto está pensado para **enriquecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe** e para complementar o coñecemento dos bloques temáticos contidos nos currículos oficiais das ensinanzas non universitarias da Comunidade Autónoma de Galicia; está, polo tanto, **fortemente vinculado coa competencia clave: Galego**.

É mester sinalar que, posto que se trata dun caderno de traballo, **favorece a reflexión crítica, a iniciativa, a creatividade²**, a lectura comprensiva e a **adquisición de hábitos intelectuais autónomos**.

Deste xeito, tivéronse en conta á hora de elaborar os materiais o MCER (Marco europeo común de referencia para as linguas) para recoller as competencias clave: comprensión escrita e expresión escrita.

Para o caderno, tivemos en conta os **intereses do alumnado³** así como a súa idade adecuando a linguaxe e os temas ao seu perfil. Tivemos moi en conta a **linguaxe inclusiva⁴** e a **igualdade, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza** (como pode verse en todas as frases que utilizamos nos exemplos⁵). Quixemos transmitir tamén a protección do medio natural e a natureza co léxico específico deste ámbito dedicando varias táboas de vocabulario a este tema⁶.

O texto nace, evidentemente, dende a **preocupación pola realidade cultural⁷ e social de Galicia⁸** que vese, indiscutiblemente proxectada, na súa lingua⁹. É esta capacidade da lingua a **que artella o pasado e o presente e posibilita o futuro**. Ademais xunta, nunha mesma voz, o rural e o urbano xa que todos formamos parte da lingua que nos constitúe como falantes.

¹ A totalidade dos exercicios que se presentan neste volume son **indicados para a preparación das Probas Oficiais de Galego** como pode verse en exercicios que son similares aos aparecidos nos exames oficiais de Lingua galega. Ex.: "O alumno debe elaborar un texto onde expoña a súa opinión RAZOADA sobre se ver a televisión impide ou favorece a comunicación nas familias".

² Como no apartado nº 8: Escolle unha postura e escribe unha argumentación para os seguintes temas: Comer carne: Necesidade ou frivolidade?, Os toros: Arte ou matanza?, Clonación humana: si ou non?...

³ Como cando lles pedimos que escriban sobre as súas últimas vacacións, o seu último aniversario, o Nadal, o seu primeiro día de colexio...

⁴ Cun **vocabulario específico** no apartado 4.7. Exemplos de **linguaxe inclusiva**: Diversidade funcional, Migrante, Cidadanía, Persoal... ou nos exemplos como "No Concello falouse da linguaxe inclusiva".

⁵ Explicitada en exemplos como: "- Can do falas da igualdade, encántasme"; "- Somos uns privilexiados, polo tanto, debemos facer algo polos que non tiveron tanta sorte"; "- Aínda non comprendo que cales ante as inxustizas".

⁶ Como pode verse, explicitamente, no **apartado 4.5 A Natureza**.

⁷ Exemplificada nos textos a través de **autores como: Rosalía de Castro** (Exercicio d, pronomes).

⁸ Facendo **especial fincapé na nosa Comunidade** como nos exemplos de: "Escribe cinco hipónimos de: cidades galegas, escritoras galegas, praias das Rías Baixas..." ou "Construíuse unha ponte na Illa de Arousa" para explicar os valores de SE.

⁹ Recollida na sabedoría popular con fraseoloxismos como no apartado para explicar o seu significado dalgúns refráns como: *Tendo saúde e comendo ben o traballo non mata a ningún.*

ÍNDICE



1. ORTOGRAFÍA	5
2. FONÉTICA	12
3. MORFOLOXÍA	14
3.1 O SUBSTANTIVO	
3.2 O ADXECTIVO	
3.3 O DETERMINANTE	
3.4 O PRONOME	
3.5 O VERBO	
3.6 O ADVERBIO	
3.7 A PREPOSICIÓN, CONXUNCIÓN E INTERXECCIÓN	
4. LÉXICO - SEMÁNTICA	36
4.1 A CASA	
4.2 A ESCOLA	
4.3 OS TRABALLOS	
4.4 O TEMPO DE LECER	
4.5 REFRÁNS	
4.6 CAMPO SEMÁNTICO	
4.7 CAMPO ASOCIATIVO	
4.8 FAMILIA LÉXICA	
4.9 SEGMENTACIÓN	
4.10 RELACIÓNS SEMÁNTICAS	
5. SINTAXE	59
6. LINGUA E SOCIEDADE	66
7. TEXTOS	75
8. BREVE APÉNDICE	85
BIBLIOGRAFÍA	101

1. ORTOGRAFÍA

a. Pon o acento gráfico a todas as palabras que o precisen

Textil	Vermu	Patin	Irman	Xuiz
Ceramica	Cadaveres	Xardin	Latin	Heroe
Vinganza	Rol	Beiril	Compas	Ourense
anzol	Vacun	Iglu	Corazons	Extraviado
Seculo	Nu	Esquimo	Parabens	Enxoval
Cincel	Ancia	Freira	Caracter	Seran
Convoy	Irma	Raiña	Facil	Psicanalise
Rabi	Soportal	Chan	Biceps	Celulas
Abela	Confeitaria	Atras	Hockey	Organo
Pua	Dificil	Suas	Palido	Salvia
Biceps	Liorta	Saudo	Arbore	Torax
Metropole	Confusion	Pais	Farol	Pulmons
Avaliacion	Cancer	Viran	Avestruz	Asegurabel
Omnivoro	Habitat	Opcion	Tamen	Atmosfera
Centena	Fraccion	Hiperbato	Ademais	Cociente
Musica	Laude	Domestico	Abuson	Sobresainte
Tempera	Anzol	Ecoloxia	Sindrome	Elite
Misil	Neboa	Chines	Tunel	Leite
Curma	Estetico	Maria	Sair	Ananas
Tirizo	Xampu	Viuvo	Luns	Semaforo
Lei	Ancora	Aldean	Contabel	Lostrego
Bonsai	Futbol	Atona	Patron	Avo

b. Acentúa onde sexa preciso

- Na casa de miña avoa eu vin un baulis acuático que acentuaba a perigosidade do sitio.
- Entre as polas da maceira vimos as polas e os polos, as galiñas e os galos e toda a bichería solta.

- A auga do tellado escorregaba inutilmente pola leira abaixo.
- Non esquezas levar o compas a excursión da montaña que ides facer o domingo pola mañá.
- Con náusea observaba os distintos segmentos do torax do animal diseccionado.
- Se ves ben o que quero que vexas non teras problema para entender a solución.
- Os xeólogos subiron o montículo para medir o volume extraído de caolín.
- Na versión dos feitos habería que ter en conta as distintas testemuñas.
- Aquela obra artística era a súa expresión máis verdadeira.
- Os nenos de Xoán queren ir a orchataría para tomar unha orchata de chufas ben fría.
- A área é unha extensión delimitada por un perímetro.
- Mañá teño que renovar o carne de conducir.
- O xampu que compraches non me vai ben.
- Os animais de África están en perigo de extinción.
- A praia de Cala Comta é de area fina e branca e de auga transparente.

c. Pon o til naquelas palabras que o precisen

Egoísmo	Fosil	El	Cirurxico	Antigüidade
La	Avaliación	Prexuízo	Chegaron	Util
Hendecasilabo	Metropole	Acentuo	Muiño	Partiu
Compas	Construiu	Si	Docil	Lio
Feliz	Substituir	Sentinela	Confeitaria	Viviu
Saúde	Motin	Exótico	Osixeno	Tribo
Crin	Síntese	Leve	Catastrofe	Sua

d. Pon B ou V segundo conveña

Al_anel	Re_entar	Dilu_ío	Co_arde	_aranda
A_aría	Mara_ílla	Gara_anzo	Automó_il	_aleirar
_ernizar	_oda	_arrer	Mo_er	Sara_íar
_erenxena	_i_lioteca	Es_elto	_ontade	Pala_ra
_erce	_eleno	Fe_le	Chi_o	Venda_al

_ermello	Contri_uír	Sobre_i_ir	Ra_año	Co_iza
De_ezo	Pol_o	_antaxe	Cara_el	Dé_eda
Dú_ida	_ai_én	_afo	Bé_edo	_eado
_asoira	Cei_e	A_alar	Cer_o	Cor_o
Cati_o	Cer_exa	_ó_eda	Anino_o	Creati_idade

Elixé B ou V

Abelá/Avelá	Choiba/Choiva	Eiba/Eiva
Balde/Valde	Corbeta/Corveta	Enburullar/Envurullar
Baleiro/Valeiro	Berbequí/Vervequí	Escarabello/Escaravello
Beira/Veira	Bidueiro/Vidueiro	Birollo/Virollo
Aboa/Avoa	Billa/Villa	Dúbida/Dúvida
Abogado/Avogado	Cobarde/Covarde	Fibela/Fivela
Escabar/Escavar	Estebo/Estevo	Esbarar/Esvarar
Esbelta/Esvelta	Garabanzo/Garavanzo	Grabar/Gravar
Grabata/Gravata	Pabillón/Pavillón	Trebo/Trevo
Baranda/Varanda	Basoira/Vasoira	Berniz/Verniz
Berza/Verza	Biruxe/Viruxe	Boitre/Voitre
Bulto/Vulto	Xabelina/Xavelina	Gabeta/Gaveta
Gabián/Gavián	Marabilla/Maravilla	Móbil/Móvil
Néboa/Névoa	Orballar/Orvallar	Pobo/Povo
Rebentar/Reventar	Ribeira/Riveira	Sarabia/Saravia
Trabe/Trave	Trobador/Trovador	Xabaryl/Xavaril
Xabier/Xavier	Caber/Caver	Lamber/Lanver
Polbo/Polvo	Bermello/Vermello	Cubasqueiro/Chuvassqueiro
Barullo/Varullo	Berza/Verza	Cobardía/Covardía
Bomba/Bonva	Serbir/Servir	Marabilloso/Maravilloso
Barrer/Varrer	Bolboreta/Volvoreta	Grabidade/Gravidade
Cobre/Covre	Grabación/Gravación	Automóbil/Automóvil
Tiben/Tiven	Gaibota/Gaivota	Blasfemar/Vlasfemar
Boda/Voda	Incríbel/Incrível	Contaban/Contavan

e. Pon S ou X segundo conveña

E_hibir	Ima_inar	Osi_enar	E_halar	Engra_ar
E_trañar	E_istir	E_tender	Transi_ir	E_cepticismo
E_traer	Ren_er	Aldra_ar	E_tenso	E_ceder
E_cindir	E_trear	E_tensión	E_trañar	E_toupar
A_eonllar	Su_estión	Incorri_ible	E_cena	E_cusa
E_cesivo	_arope	E_i_ente	E_terior	E_cavación
_ersei	E_periencia	E_pesura	E_tático	E_temporánea
E_cava	E_straña	E_tran_eiría	E_tremar	E_cavadora
E_tender	E_tremo	E_a_eración	E_a_erado	E_i_ente
O_í_eno	E_e_ético	E_i_encia	Ta_ar	Ta_ativo
_enon	Proli_o	Interfi_o	Crucifi_o	Prefi_o
_enófobo	Circunfle_o	Perple_o	_enofobia	Parado_al
Sufi_ación	_erografía	Sufi_o	Perple_idade	_i

Pon X ou S

Igre_a	A_ilar	A_ila	E_cava	E_tremi_mo
Frou_o	E_tender	E_a_eración	Bóra_	E_i_ir
_u_eitar	A_ioma	E_tran_eiri_mo	E_e_ético	_u_ticeiro
Apro_imar	E_ten_ión	A_uizar	Tra_fegar	E_ten_o
A_fi_ia	_éne_e	E_cavar	E_i_encia	Parala_e
Pra_e	_inta_e	_ubileu	_udeu	Vir_e

f. Pon H ou non segundo conveña

_umidade	Ac_ado	An_elo	_ostil	_istoria
_ombro	_encher	_óso	_ábito	_onor
_aí	Co_ibido	_ata	In_umano	_armonizar
Inco_erencia	Pro_ibido	_óspede	_órreo	_ule
Des_erdar	_inchar	_elena	_enrique	Ex_uberancia
_orfo	_irmá	_ermida	_ostal	_edra

_umor	_indú	Fil_armónica	A_ustero	_útil
_arpa	_armónica	Ningun_a	Alco_ol	Co_esión
Des_inchar	Ad_erir	_emofilia	Ex_ortativo	_umilde
_eroe	_inflar	_arpía	_ogano	Pro_ibir
_orfandade	_umidade	_ectárea	Ex_umar	_ipermercado
Des_in_ibir	_ipoglicemia	_urra!	Judit_	_emoloxía
_ovo	_urna	_irmá	_ola	_úmero
In_erente	Mal_umor	_elmo	_abitar	_omenaxear

g- Puntúa correctamente o seguinte texto

Tirante, aínda coñecendo o perigo que corría aceptou o desafío ambos contrincantes destros nas armas e valentes pelexaron asestáronse coiteladas e sangraron só Tirante sobreviviu aínda que estivo a piques de morrer Inés a fermosa desesperada e con bágoas nos ollos aseverou Xa vedes todos para o que serven os combates ningún obxecto xa vos dixen ningún obxecto merece unha vida humana o corpo do señor de Vilesermes soterrouse nun lugar sagrado Tirante que por pouco non conta a historia estivo dous meses deitado na cama antes de se recuperar das feridas mortais.

h- Puntúa correctamente o texto seguinte

Polas portas accédese ao ceo segundo a Biblia para a tradición xudeu-cristiá accédese á revelación no antigo Exipto a porta construíase para que a alma do defunto puidera migrar en calquera dirección a porta foi sempre considerada un símbolo de transición dun lugar dun estado ou dun nivel ao outro a porta permítenos o acceso a realidades diferentes superiores ou inferiores dependendo de quen pasa podemos entrar cara á luz ou á escuridade cara á vida ou cara á morte cando as traspasamos buscamos a sabedoría o perdón a liberdade sempre buscamos é claro que a porta provoca misterio polo que hai detrás e anima á viaxe pasar ou quedarse esa é a pregunta arriscar a traspasar o limiar ou ficar na marxe sempre tranquila do coñecido.

i- Marca nestes vocábulos os ditongos, os tritongos e os hiatos:

Vocábulos: ciencia, faraón, serio, doar, escuadra, lingüeta, amou, peixe, triunfo, raíña, conflúe, moito, auga, amieiro, fieis, muíño, miúdo, Raúl, béisbol, hixiénico, estación, antigüidade, socioloxía, cantou, amábeis, hai, sociais, aldeán, foi, cambiou, anunciounolo, viúvo, bacallau, abadía, adverbiais, acuoso, alegría.

<i>Ditongos</i>	<i>Tritongos</i>	<i>Hiatos</i>

l- Explica a diferenza entre os seguintes pares de palabras homógrafas:

Agora/ágora	Por/Pór	Luxar[kʃ]/Luxar	Mollo/Mollo
Caia/Caía	Secretaría/Secretaria	Nós/Nos	Ola/Ola
E/É	Besta/Besta	Cantara/Cantará	Fóra/Fora
Bota/Bota	Présa/Presa	Fóra/Fóra	Óso/Oso
Lobo/Lobo	Elixir [kʃ]/Elixir	Póla/Pola	Pé/Pe

m- Explica a diferenza entre os seguintes pares de palabras homófonas:

Abalar/Avalar	Haber/A ver	Nabal/Naval	Bela/Vela
Oh/O	Hora/Ora	Nobel/Novel	Botar/Votar
Huno/Uno	Ha/A	Nobelo/Novelo	Cabo/Cavo
Ule/Hule	Hai/Ai	Rebelar/Revelar	Bago/Vago
Habano/Abano	Has/As	Basta/Vasta	Balor/Valor
Barro/Varro	Basto/Vasto	Rabo/Ravo	Baca/Vaca

n- Explica a diferenza entre os seguintes pares de palabras parónimas:

Actitude/Aptitude	Luar/Lunar	Emitir/Omitir
Adaptar/Adoptar	Clave/Crave	Area/Arena
Extremo/Estremo	Experta/Esperta	Prever/Prover
Consoante/Consonante	Absolver/Absorber	Espiar/Expiar
Xeral/Xeneral	Conciencia/Consciencia	Abella/Ovella
Absolver/Absorber	Platense/Pratense	Delatar/Dilatar
Externo/Esterno	Adición/Adicción	Especia/Especie

ñ- Explica por que as seguintes secuencias de palabras escríbense cos seus constituíntes xuntos ou separados:

- Dime **por que** non entregaches o traballo de Historia.
- Falo galego **porque** me gusta, **porque** podo falar moitas linguas.
- **Porque** o diga alguén con autoridade non ten que ser verdade.
- Descoñecemos o **porqué** do enfado entre os irmáns.
- **Por que** queres máis cartos?
- Eu sei o **porqué** das túas palabras.
- **Se non** queres peixe hoxe, dimo.
- **Senón** o profesor de matemáticas todos querían aprobalo.
- Non é un salgueiro **senón** un bidueiro.
- **Se non** vas comer todo o pastel, non o poñas no teu prato.
- **Senón** ti, fomos todos á folga.
- Se vas estar atento queda, **se non**... marcha.
- **Con que** cartos vas pagar o viño?
- **Con que** chegues para o aniversario da túa avoa, está ben.
- Agora xa o fixeches, **conque** nada de lamentacións.
- Esa é a profesora **con que** estudamos os verbos.
- As **demais** profesoras aprobaron a oposición.
- Se sempre falas **de máis**, ao final vaste lamentar.
- A vida é o único importante. Todo o **demais** non é nada.
- Naquela tenda pagamos **de máis**.

2. FONÉTICA

a. Indica se a vogal é medio aberta ou medio pechada

Portelo	Comedor	Pasmón	Veloz	Eñe
Efe	Eira	Castelo	Feroz	Meu
Doce	Ele	Moito	Noiva	Moucho
El	Risoño	Eme	Nove	Caracol
Ferrollo	Anel	Dez	Trece	Ela
Época	Óbolo	Besta (animal)	Festa	Merda
Sete	Época	Pendello	Penedo	Avareza
Soubera	Certeza	Precioso	Nobreza	Sol
Técnica	Terror	Cortello	Fomos	Loita
Pobo	Brétema	Penedo	Vén	Tarefa
Riqueza	Abeledo	Caracois	Cadela	Lugués
Apego	Feo	Cambadela	Estrela	Sela
Noso	Veleno	Peito	Leite	Dórico
Mozote	Souberamos	Mollemos	Ocorre	Pesca
Histriónico	Cera	Toco (manco)	Pero	Ofreceres
Dormen	Serven	Cobra (copla)	Marqués	Pera
Través	Abeledo	Torta (doce)	Rifón	Amor
Espantoso	Coide	Creta	Seta	Greta
Profético	Amazónico	Mel	Espello	Crueza

b. Indica se a vogal tónica e/o é aberta ou pechada (semiaberta ou semi-pechada)

Onte	Quen	Memoria	Exercendo	Pero
Empeñar	Voz	Noite	Ser	Guerra
Flor	Solución	Mozo	Tónica	Metela
Devece	Tempo	Dentes	Pelo (cabelo)	Dormen
Rouban	Nenos	Sedas	Ovos	Ollos

Sempre	Moito	Mesma	Quen	Feitos
Crecente	Éticos	Soamente	Quero	Cousa
Só	Aprobatoria	Eterno	Ben	Persoa
Foron	Letreiros	Escolas	Fora	Doces
Poza	Gorxa	Foguetes	Folgas	Enxebre
Bolboreta	Detelo	Tamén	Feroz	Senón
É	Confesión	Memoria	Medo	Vés
Tróuxonos	Momento	Avó	Ve	Inglés
Meu	Sempre	So	Sorte	Aquel
Herdeiros	Propósito	Anacrónico	Mesmo	Foran
Acó	Mortos	Eles	Nós	Nova
Era	Facelo	Xerme	Terror	Concello
Toda	Técnica	Valoración	Comportamentos	Nos
Certeza	Precioso	Superfluo	Home	Hoxe

c. Define os fonemas das seguintes palabras

Roma	Fixo
Servimos	Prezo
Unha	Coche
Arroz	Quen
Bebo	Dixo
Lume	Axuste
Xerme	Talle
Xente	Chourizo
Vez	Lata
Guerra	Lava
Flor	Penedo
Home	Avarenta
Textual	Óptimo
Ozono	Salvaxe
Átono	Póstumo

3. MORFOLOXÍA

3.1 O SUBSTANTIVO

a. Di se son masculinos ou femininos os seguintes substantivos

cárcere	berce	couce	mazá	mesa	paisaxe
mel	pezuño	sal	elite	cinza	masaxe
verdade	auga	arte	dor	trade	almorzo
liberdade	sebe	árbore	nariz	sangue	garaxe
almofada	fel	sinal	colite	ponte	metade
ubre	ferruxe	calor	xantar	traxe	lóstrego
curral	litote	análise	glote	ronsel	tese
complot	laranxeira	síntese	personaxe	testemuña	radio

b. Indica o feminino dos seguintes substantivos

Tecelán		Príncipe	
Abade		Avó	
Carneiro		Cónsul	
Neno		Poeta	
Ladrón		Sacerdote	
Ateo		Home	
Frade		Cabaleiro	
Patrón		Rei	
Saltón		Sogro	
Langrán		Cabalo	
Emperador		Insán	
Curmán		Pastor	
Sapo		Estudiante	
Alcalde		Heroe	
Toleirón		Reo	
Solteirón		Compostelán	

Capitán		Rapaz	
Mentirán		Mestre	
Folgazán		Pai	
Louzán		Español	
Xenro		Monxe	
Padriño		Sultán	
Galo		Europeo	
Pailán		Cidadán	
Cristián		Musulmán	
Ouriolo		Castrón	

c- Escribe o artigo determinado correspondente segundo o xénero:

Análise	Canle	Atenuante	Sida	Vertixe
Garaxe	Fronte	Sal	Armazón	Desorde
Agravante	Arte	Fraude	Costume	Dobraxa
Couce	Peluxe	Nariz	Calor	Cor
Pube	Dor	Mansedume	Cárcere	Agua
Dote	Canal	Dote	Lentes	Paréntese
Farinxite	Paradoxo	Inchazón	Suor	Sentinela
Marxe	Dínamo	Espía	Orixe	Coral (orfeón)
Pantasma	Diadema	Labor	Pagode	Legume
Sinal	Reuma	Palafita	Apocalipse	Sangue
Sebe	Fantasma	Cume	Traxe	Mar
Sal	Escafandro	Leite	Homenaxe	Eclipse
Paisaxe	Masacre	Peluche	Cute	Servidume

d- Indica o plural destes termos:

Camión cisterna		Gánster	
gardalama		Póster	
Político-económica		Ollomol	
Cabalo de vapor		Cartafol	

Vacaloura		Búmerang	
Ourizo de mar		Pub	
Socioeconómico		Hándicap	
Sapoconcho		sándwich	
Fervellasverzas		Anorak	
Porro bravo		Estrelamar	
Coche cama		Hippy	
Casa cuartel		Reirrei	
Cuarto de baño		Clip	
Garda civil		Boicot	
Político-relixioso		Júnior	

e- Indica os substantivos colectivos que se corresponden cos seguintes individuais:

<i>Substantivos individuais</i>	<i>Substantivos colectivos</i>
prato	
abella	
ovella	
castiñeiro	
porco	
paxaro	
illa	
barco	
allo	
montaña	
estrela	
nave	
actor	

3.2 O ADXECTIVO CUALIFICATIVO

a- Distingue entre adxectivos dunha e de dúas terminacións

Adxectivos: azul, posterior, delicado, musical, distante, lanzal, alto, san, grande, célebre, mísero, pobre, fiel, nobre, seguinte, último, anterior, oral, rápida, libre, curto, gobernamental, chan.

Unha terminación	Dúas terminacións

b- Escribe as formas comparativas e superlativas sintéticas dos seguintes adxectivos:

<i>Adxectivo</i>	<i>Forma Comparativa</i>	<i>F. Superlativa sintética</i>
Grande (gran)		
Pequeno		
Bo		
Malo		
Alto		
Baixo		

c- Escribe o superlativo dos seguintes adxectivos:

Célebre		Nobre	
Libre		Estable	
Mísero		Fiel	
Pobre		Cru	
Pulcro		Antigo	
Salubre		Fiel	

Sabio		Xeral	
Acre		Só	

3.3 O DETERMINANTE

a. Escribe as contraccións cando sexa preciso (preposición ou adverbio + segunda forma do artigo)

- U os nenos?
- Imos pasar o tempo cos nenos na praia.
- Vai por o camiño da rúa Gutiérrez Mellado.
- Ela máis o seu irmán sairán o venres por a tarde.
- Tras o meses de inverno agradécese un pouco de calor.
- Nós os tres podemos con todos os informes.
- Trouxeche o libro que dixemos?
- Temos que pasar por a casa de Xoán.
- Entrambos os dous nenos resolveron o problema.
- Repasade ben o tema do Barroco, xa sabedes que me gusta moito.
- Vós os seis podeades formar o equipo de álgebra.
- U as túas amigas? Dixeron que virían.
- Tras a súa proposta a xunta quedou moi satisfeita.
- Vou sempre á casa da miña avoa tras o meu traballo.
- Acabados os exames iremos á praia
- É ben mellor que o fagas por as boas.
- Ambas as dúas son boísimas en matemáticas.
- Vós o tres tedes que coller outro coche, neste non collemos.
- Si pasas o tempo con nós estaremos contentos.
- U o can? Non o vexo dende onte por a noite.

b. Escribe as contraccións do artigo determinado coas preposicións *a*, *con*, *de* e *en* do seguinte xeito:

	ARTIGO			
PREPOSICIÓN	a	o	as	os
a				
con				
de				
en				

c. Escribe as contraccións do artigo indeterminado coas preposicións *con*, *de* e *en*:

	ARTIGO			
PREPOSICIÓN	unha	un	unhas	uns
con				
de				
en				

d. Fai as contraccións necesarias cando sexa posíbel

- Veño con unhas amigas da Universidade.
- Aproveitamos e en uns minutos saímos para alí.
- Tes que comer con un coitelo e con un garfo.
- Veu de un país con un clima diferente a o noso.
- Con unha persoa que houbera confiado en el solucionaríalo problema.
- Fixeron moitas pulseiras con unhas contas de cores.
- Cando fora a pandemia, en o mes de marzo xa nos fomos a o Instituto.
- En a Idade Media moi poucos accedían a as letras escritas.
- Non creo que poda ser capaz de compatibilizar a súa vida con o seu traballo.
- Todos os seres vivos teñen un instinto de supervivencia.
- En unhas semanas iremos a Ibiza con miña nai e meu irmán.
- En esta nova aventura literaria poderemos contar con dous autores diferentes.

- Se quixeramos sacar a a superficie todo o escondido... sería moi perigoso.
- Aqueles zapatos de a miña irmá teñen uns tacos moi altos.
- Falaban con os seus amigos por o ordenador.
- Bailaremos toda a tarde con unhas amigas nosas en a discoteca.
- De unha maneira ou de outra sairemos adiante.
- Veñen en uns barcos moi perigosos cruzando o mar Mediterráneo.
- Con unha sorte como a túa eu nin o pensaría.

e- Explica os valores especiais do demostrativo nas seguintes cláusulas

- Ten un **aquel** especial; é marabilloso.
- **Daquela** non tiñamos móbiles e comunicábamnos ben con teléfonos fixos.
- **Por estas** que non vas á festa. Asegúroche que non!
- Estaban a traballar e **nisto** foise a luz.
- Poderías **aquelar** o meu tocadiscos?
- **Con isto** xa rematamos os exercicios.
- Non me veñas **con esas**.
- **A iso** das nove e media da noite xa está a durmir.
- Non quero **este**, quero **estoutro**.
- Mañá teño que ir ben **aquelada** á entrevista.
- Co **aquel** da pandemia non puideron moverse das cidades.
- **Daquela**, virás ou non?
- Tes que **aquelar** o teu cuarto. Está feito unha gaiola de paxaros.
- Chegamos sempre **a iso** das nove da mañá ao traballo.
- **Daquela** viaxabamos todos os veráns ao estranxeiro.

f- Indica o valor do posesivo en cada un dos seguintes casos

- A túa alumna preferida é intelixente **de seu**.
- **As nosas** son moi especiais.
- **Meu** pai era de Madrid.
- Teño unha casa na praia **de meu**.
- Eles xa pasaron **as súas**.
- **O noso** párroco non quere cobrar as misas.

- Este **meu** xersei pica de máis.
- Teñen **cadanseu** xeados.
- A pola da árbore non puido caer **de seu**.
- Que queres, **meu** amor? Non podo darte máis.
- **O meu** son os problemas de matemáticas
- Ti que pensas? É listo **de seu**.
- **A nosa** rapariga fai 11 anos no mes de marzo.
- **Meu** rei, tes que recoller as cousas.
- O moble da sala é vello **de seu**.
- A neveira é vella e parou **de seu**.
- Trouxeron **cadanseu** presente para o aniversario de Berta.
- Todos os domingos vemos **o Noso** Señor na Igrexa.
- **Meu** pobre! Con todo o que estudou...
- Está claro que **o teu** son os idiomas.

3.4 O PRONOME

a. Identifica os pronomes persoais tónicos e indica a persoa gramatical á cal se refiren

- Vós xa sabedes que vos avisamos con tempo suficiente para o exame.
- Cando vén comigo compórtase adecuadamente.
- Nós sempre fomos moi importantes para elas.
- Se eu fose vostede, tomaría medidas.
- Ti mais el andades sempre a argallar maldades.
- Eu non quero saber nada dese tema; é moi raro.
- Cando eles van á praia nunca deixan soa a toalla.

b- Escribe as contraccións do pronome de terceira persoa

	PRONOME			
PREPOSICIÓN	Ela	El	Elas	Eles
en				
de				

Lembra que as contraccións estas non se dan cando a preposición non rexe directamente o pronome. Como, por exemplo, *de elas estaren alí, non pasaría iso.*

c- Escribe TE ou CHE nas frases seguintes:

1. _Vou_ ver ese ollo
2. Preguntei_ a lección.
3. _Collín_ a calculadora.
4. _Fun_ buscar á casa e non _ atopei_.
5. _Meteu_ nun bo lío.
6. _Lévo_ na miña motocicleta.
7. _Vou_ contar o século XIX resumido.
8. O floreiro _escachou_ nas mans.
9. Que tes? Sóbran_ os cartos?
10. _Vin_ na praia da Illa de Arousa.
11. _Atópo_ todos os luns de camiño á escola.
12. _Felicito_, Nico, polos teus resultados na proba.
13. _Cháma_ Brais.
14. A túa compañeira _meteu_ nun bo lío.
15. Oes, _escóitas_?
16. María, láva_ e víste_ xa que non temos tempo.
17. _Morreu_ o canciño que tiñas.
18. _Fálta_ un chapeu.
19. Os demais _chamáron_ onte para ir á festa.
20. Por _poñer_ aí non ves ben.

d- Localiza os pronomes dos seguinte texto e clasificalos segundo sexan tónicos ou átonos, reflexivos ou non reflexivos:

*Non sei se me ules a rosas
se as rosas me ulen a ti;
só sei que non hai ulido
mellor que o teu para min.*

*Tampouco sei si o sol brilla,
ou se o que brila es ti;
máis sei que si non te vexo
sempre é noite pra min.*
Rosalía de Castro.

e- Explica cal é o principio xeral do pronome átono e oito casos nos que o pronome vai proclítico (antes do verbo).

Caso xeral:

Casos proclíticos:

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.

3.5 O VERBO

a. Mostra a estrutura das seguintes formas verbais (R+V.T+S.M.T+S.N.P):

Verbos	RAIZ	VOC. TEM	S.M.T	S.N.T
recolieron				
partires				
temías				
andastes				
comprara				
recibiremos				
fuxa				
amemos				
conduza				
come				
andando				
batemos				
xoguei				
colliches				
tomaredes				
partiu				
andaredes				
partirás				
baterán				
pido				
subimos				
serve				
varrerdes				
soben				

b. Subliña as perífrases verbais e indica sobre que informan:

- Mañá imos ir a túa casa na aldea.
- De súpeto, botáronse a rir todos os nenos.
- Os nenos deben comer máis froita.
- Coma todos os anos, leva chovendo toda a semana.
- Non nos volvas a facer o mesmo.
- Heivos chamar a semana próxima.
- Acaba de chamar o teu curmán.
- Onte comezaron a facer as probas de Selectividade.
- Os políticos terán que repetir as eleccións.
- Aldara aínda non veu pero está para chegar nas próximas horas.
- Esa muller ha ter uns trinta anos.
- Non mo creerás pero houbemos de morrer de risa.
- Non hai que ser sempre obediente.
- Meu pai xa ten feito o xantar.
- Segue nevando.
- Anda a facer das súas.
- Ha de haber dez anos que non como porco.
- Han de traernos un regalo da súa viaxe.
- Tes que aprender a dicir non.
- Temos ido á Illa de Arousa moitas veces.
- Acabamos de rematar a maqueta do edificio.
- As nenas están xogando ó tenis.
- Estou a facer unha tradución.
- Ten feito ese biscoito mil veces.
- Anda dicindo que sodes os mellores alumnos que tivo.
- Sabela está a facer un sudoku.
- Tivemos que escapar correndo da chuvia.
- Pode ser que chova hoxe.
- Andan a buscar cogomelos.
- Leva estudado as matrices todo o día.
- Ían a xogar todo o tempo.
- Segue chamándoo sen descanso.

c. Clasifica as perífrases indicando o seu valor ou significado

- Recolle ben a auga do chan que pode escorregar o teu avó.
- Chegou a pensar que o ían botar da fábrica.
- Xa tiña todo aprobado e seguía a entregar traballos voluntarios.
- Berta está estudando Historia porque é a materia que menos lle gusta.
- Non vaias sen abrigo que vas a arrefriar.
- Tivo que repetir o exame porque o profesor perdeuno.
- Hoxe imos explicar a temática das Cantigas.
- Pensamos en mercar una saia porque lle había de quedar ben.
- Deberías abrir sempre a fiestra para ventilar a habitación.
- Se queres falar con ela debes perder a vergonza.

d. Emprega o infinitivo conxugado sempre que sexa posíbel explicando o seu uso ou non en cada caso

- Ao entrar na Academia usa sempre o xel hidro-alcohólico.
- Os meus amigos quixeron mercar todo o alcohol da tenda.
- Puxéronlles un dez por saír voluntarios ao taboleiro dixital na clase de matemáticas.
- É posíbel facer todo o día o mesmo e non acabar tolos da cabeza?
- Non nos crían capaces de estar toda a corentena sen saír da casa.
- Se che doen os pes será por andar a bailar toda a fin de semana na discoteca.
- Imos superar o reto todo o equipo xuntos.
- Antes de principiar a tradución, teremos que comprar os dicionarios.
- Aquí teñen o costume de poñer o caldo fervendo. Sempre temos que esperar a tomalo.
- Antes de entrar na aula do exame, estivo a piques de chorar
- Podedes elixir o cuarto que máis os guste.
- Preferiron saír da clase antes de discutir con eles.
- Todos os que están a traballar con nós merecen un premio polo esforzo e dedicación que mostraron.
- De saber como evitalo, os nenos non houberan feito o que fixeron.
- Entre estudar ou saír elixiches saír.

e. Flexiona o infinitivo persoal sempre que podas

- É preciso facer (vós) reformas na cociña.
- Conseguir agora un sitio para o seminario do Cómic de Pontevedra vaiche custar.
- A partir de setembro xa te podes matricular en Físicas.
- De querer vir con eles, avisa cedo.
- Ao rematar as obras do edificio, cambiaremos o tellado.
- Na súa casa teñen o costume de poñer o caldo fervendo. Sempre temos que agardar a que arrefría.
- Insinuaron ser elas as autoras da novela.
- Comer e rañar todo é empezar.
- Emprestámosche o coche sen saber para que o precisabas.
- Chamáronme xusto antes de saír ti con elas.
- Preferiron cambiar de tenda por non discutir coas dependentas.
- Antes de comezar o exame, debes ler ben todas as preguntas.
- Podedes elixir os libros que máis vos gusten.
- Ao ver o espectáculo, botáronse a rir.
- Cando entraches na clase, marchou o profesor.
- Antes de que lles botasen do traballo, eran moi espléndidos.

f. Escribe o participio regular e irregular dos seguintes verbos

Verbo	P. regular	P. Irregular
<i>Cansar</i>		
<i>Ceibar</i>		
<i>Chocar</i>		
<i>Descalzar</i>		
<i>Encher</i>		
<i>Espertar</i>		
<i>Fartar</i>		
<i>Fixar</i>		
<i>Fritir</i>		
<i>Limpar</i>		

<i>Moer</i>		
<i>Nacer</i>		
<i>Pagar</i>		
<i>Preñar</i>		
<i>Salpresar</i>		
<i>Salvar</i>		
<i>Secar</i>		
<i>Sepultar</i>		
<i>Soltar</i>		
<i>Suxeitar</i>		

g. Apunta os dous participios dos seguintes verbos

<i>Verbo</i>	<i>P. regular</i>	<i>P. Irregular</i>
<i>Acender</i>		
<i>Aflixir</i>		
<i>Bendicir</i>		
<i>Circuncidar</i>		
<i>Coller</i>		
<i>Comer</i>		
<i>Concluír</i>		
<i>Converter</i>		
<i>Corromper</i>		
<i>Desenvolver</i>		
<i>Elixir</i>		
<i>Enxugar</i>		
<i>Erguer</i>		
<i>Escorrer</i>		
<i>Esporranchar</i>		
<i>Eximir</i>		
<i>Imprimir</i>		
<i>Incorrer</i>		
<i>Inserir</i>		

<i>Malcomer</i>		
<i>Maldicir</i>		
<i>Morrer</i>		
<i>Nacer</i>		
<i>Pagar</i>		
<i>Posuír</i>		
<i>Preelixir</i>		
<i>Prender</i>		
<i>Prover</i>		
<i>Recluír</i>		
<i>Recoller</i>		
<i>Refrixir</i>		
<i>Reimprimir</i>		
<i>Reinserir</i>		
<i>Resolver</i>		
<i>Retorcer</i>		
<i>Romper</i>		
<i>Salpresar</i>		
<i>Salvar</i>		
<i>Secar</i>		
<i>Sepultar</i>		
<i>Sobreimprimir</i>		
<i>Toller</i>		
<i>Torcer</i>		
<i>Volver</i>		

h. Conxuga os seguintes verbos irregulares

- 3ªp. sing. Presente de Indicativo do verbo Caber:
- 1ªp. sing. Pretérito de Indicativo do verbo Facer:
- 2ªp. pl. Antepretérito de Indicativo do verbo Estar:
- 1ªp. sing. Pospretérito de Indicativo do verbo Vir:
- 2ªp.pl. Futuro de Subxuntivo do verbo Dikir:

- 3ªp.pl. Copretérito de Indicativo do verbo Dar:
- 2ªp. sing. Pretérito de Subxuntivo do verbo Valer:
- 3ªp. pl. Infinitivo conxugado de Subxuntivo do verbo Ouvir:
- 1ªp. sing. Futuro de Subxuntivo do verbo Querer:
- 3ªp. pl. Pretérito de Subxuntivo do verbo Ter
- 2ªp.pl. Pospretérito de Indicativo do verbo Parir:
- 1ªp. sing. Copretérito de Indicativo do verbo Pracer:
- 3ªp. sing. Pretérito de Subxuntivo do verbo Traer:
- 1ªp. pl. Futuro de Indicativo do verbo Moer:
- 2ªp. pl. Presente de Subxuntivo do verbo Exiliar:
- 2ªp. sing. Antepretérito de Indicativo do verbo Cuspir:
- 3ªp. sing. Copretérito de Indicativo do verbo Apreciar:
- 1ªp. pl. Presente de Subxuntivo do verbo Puntuar:
- 3ªp. pl. Infinitivo conxugado de Subxuntivo do verbo Dicar:
- 2ªp. sing. Presente de Subxuntivo do verbo Pór:

i. Escribe as formas nominais dos seguintes verbos

<i>Verbo</i>	<i>Infinitivo</i>	<i>Xerundio</i>	<i>Participio</i>
<i>Actuar</i>			
<i>Adherir</i>			
<i>Agredir</i>			
<i>Dixerir</i>			
<i>Enviar</i>			
<i>Evidenciar</i>			
<i>Expedir</i>			
<i>Expoñer</i>			
<i>Guiar</i>			
<i>Impedir</i>			
<i>Negociar</i>			
<i>Oír</i>			
<i>Parodiar</i>			
<i>Poder</i>			

<i>Reter</i>			
<i>Rexurdir</i>			
<i>Rir</i>			
<i>Saír</i>			
<i>Sorrir</i>			
<i>Subir</i>			
<i>Suxerir</i>			
<i>Terzar</i>			
<i>Valer</i>			

3.6 O ADVERBIO

a- Clasifica os seguintes adverbios e locucións adverbiais segundo o seu significado ou circunstancia

Acaso, disque, nin, abondo, asemade, outrora, deseguido, quizá, de repente, non, abofé, xaora, hoxe, inda, aí, alá, devagar, así, ao cabo, de todo, seica, xaora, preto, pronto, casemente, encima, cerca, peor, tamén, non xa, de certo, mentres, daquela, diante, ningures, se callar, ulos, acó, acolá, derriba, avante, velaí, a rente, ao chou, mellor, xalundes.

Lugar	
Tempo	
Modo	
Cantidade	
Afirmación	
Negación	

Dúbida	
--------	--

b- Localiza o intruso e sublíñao

Adverbios de lugar: abaixo, alén, arreo, algures, alí, ao pé.

Adverbios de tempo: acotío, decontino, enseguida, sempre, xaora.

Adverbios de modo: asemade, como, devagar, bastante, engorde.

Adverbios de cantidade e precisión: algo, case, mesmo, tan, tamén.

Adverbios de afirmación: abofé, si, tamén, xaora, de certo, ben.

Adverbios de negación: nin, non, sequera, tampouco, menos, non xa.

Adverbios de dúbida: acaso, quizá, quizabes, seica, sequera, se cadra.

c- Emparella os adverbios e as locucións adverbiais que teñan o mesmo significado:

Adrede	De balde
Acotío	Ao lado
Gratis	Decote
Amodo	Devagar
Tal vez	A propósito
Cerca	Nunca
Só	En balde
Logo	Quizais
De seguido	De contado
Inutilmente	Continuamente
Asemade	Ao mellor
Quizá	Despois
Tal vez	Se cadra
Xamais	A seguir
De seguida	Simultaneamente
Decontino	Unicamente

3.7 A PREPOSICIÓN, CONXUNCIÓN E INTERXECCIÓN

a- Sinala as preposicións e as locucións preposicionais

- Foron dar un paseo ata a capela de Valongo.
- Podes telefonar a súa nai ata as oito da tarde.
- Fixo o exame de conducir canda ti.
- Hai uns papeis ao pé da cómoda.
- En lugar de ir con elas preferiu quedar con nós na aldea.
- Fixeron unha campaña en prol dos dereitos dos migrantes.
- A forza de capar fíxose meu pai capador.
- Malia os seus esforzos non conseguiu enganalos.
- As contras batían contra as paredes.
- Saudáronse conforme saíron da reunión.
- Respecto diso eu teño a miña opinión.
- Entraron os alumnos agás os repetidores.
- Non puido entrar na carreira por culpa da nota de Historia.

b- Atopa o intruso de cada columna

Ante	Consonte	Para	Sen
Bajo	Contra	Por	Tras
Canda	Entre	Según	Versus
Con	Hacia	Sobre	Xunta

c- Localiza no seguinte texto as conxuncións e as locucións conxuntivas

Posto que en Inglaterra reinaba a paz, o rei convocou torneos para celebrar o seu matrimonio coa filla do rei de Francia. A futura raíña de Inglaterra era a doncela máis bonita de toda Francia.

As lizas durante a voda elixirían ao mellor cabaleiro da cristiandade. Os mozos que escoitaron o pregón e aspiraban á gloria da cabaleiresca partiron para Inglaterra.

Tras cruzar o canal da Mancha, fronte a unha ermida solitaria nun vasto bosque, un vello fraco, de longas barbas, que lía o libro *A árbore das batallas*, levantouse.

—Quen sodes vos? —preguntou o ermitán.

— Eu son Tirante o Branco. Fillo do señor de Tirania e neto do duque de Bretaña. Vou a Londres para armarme cabaleiro con outros vinte e nove nobres novos. Quero chegar a ser como Guillén de Varoyque —respondeu Tirante.

— A vida dun cabaleiro é perigosa e dura. Un cabaleiro debe ser humilde, xusto, valoroso e forte; ademais de leal ao seu rei e defensor da cristiandade e dos necesitados —explicou ó ermitán.

—E se non cumpre?

—Será chamado Traidor, perderá a súa honra e a súa alma arderá nas lapas do inferno —rematou o ermitán.

Tirante O Branco, Joanot Martorell

d- Escribe o tipo de conxunción ou locución conxuntiva da seguinte lista e fai unha oración:

- mesmo que:
- posto que:
- así que:
- onde:
- senón:
- por conseguinte:
- pero:
- de forma que:
- coma se:
- e:
- nin:
- mais:
- ora... ora:
- asemade:
- do que:
- entón:
- deica que:
- conforme:
- visto que:
- logo:

e- Clasifica as seguintes interxeccións segundo o seu significado (lembra que unha mesma interxección pode rexistrar máis dun sentimento):

Fantástico!, Ah!, Grazas!, Sentido!, Ah!, Olo!, Viva!, Moitas grazas!, Oh!, Atención!, Ben!, Grazas a Deus!, Vaite!, Si!, Menos mal!, Arre demo!, Calma!, Por Deus!, Que gusto!, Coidado!, Estupendo!, Deus lle pague!, Bravo!, Uf!.

<i>Admiración</i>	<i>Advertencia</i>	<i>Agradecemento</i>	<i>Alegría</i>	<i>Alivio</i>

f- Clasifica as seguintes interxeccións segundo o seu significado (lembra que unha mesma interxección pode rexistrar máis dun sentimento):

Que pena!, Ola!, Fóra!, Oh!, Pst!, Coitado!, Oxalá!, Silencio!, Cala!, Bo día!, Quen me dera!, Vaite!, Infeliz!, Cala a boca!, Boa noite!, Queira Deus!, Uf!, Pobre!, Non!, Abaixo!, Salve!, Psss!.

<i>Silencio</i>	<i>Saúdo</i>	<i>Reprobación</i>	<i>Pena</i>	<i>Desexo</i>

4. LÉXICO - SEMÁNTICA

4.1 A CASA

Partes da casa

Caixa do correo	Teito	Tellas	Sala	Cociña
Xanela/Fiestra	Garaxe	Tellado	Chan	Corredor
Alpendre	Curral	Lousado	Cumio	Baño/Aseo
Adega/Cava	Porta	Galería/Solaina	Sala	Peches/Valo
Aldraba	Andar	Cheminea	Beiril	Bufarda
Calzada	Colector	Catavento	Cano	Chanzo
Escadas	Farol	Fechadura	Patín	Contra
Soleira	Poxigo	Pararraios	Xardín	Relanzo

Mobles da casa

Lámpada	Teléfono	Sela	Libraría	Armario
Cadeira de brazos	Espello	Berce	Diván/canapé	Mesa
Estante/Andel	Cortina	Cama	Alfombra	Cabeceiro
Colgadoiro	Alfombra	Consola	Moble bar	Radiador

Utensilios de cociña

Cafeteira	Escumadeira	Friameira	Morteiro	Coitelo
Tesoira	Funil/Embude	Espremedor	Tixola	Xerra
Caneca	Pano de mesa	Relador	Garfo	Grella
Ola/Pota	Culler de pau	Sacarrollas	Cunca	Cazo
Culler	Crebanoces	Cazola	Coador	Copa
Bandexa	Abrelatas	Aceiteira	Azucreiro	Balanza
Paneira	Ensaladeira	Fonte/Prata	Viradeira	Oveira
Trinchante	Froiteiro	Mantelo	Morteiro	Muíño
Batedor	Prato fondo/sopeiro	Prato chan	Salseira	Tenaces
Sopeira	Vinagreira	Tarteira	Teteira	Salseira

Verbos para cociñar

Asar	Ferver	Grellar	Escaldar	Limpar/Lavar
Cocer	Rebandar	Adobar	Trinchar	Amasar
Confeitar	Flamexar	Estufar	Sazonar	Estarricar
Fritir	Salgar	Encebolar	Coar	Enfornar

4.2 A ESCOLA

Dentro da aula

